



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P2701900I
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O DÍA VINTEOITO DE XUÑO DE DOUS MIL DOCE

NÚM. 004/2012

<p><u>SRES/RAS ASISTENTES</u></p> <p><u>ALCALDE-PRESIDENTE</u> D. Javier Jorge Castiñeira.</p> <p><u>CONCELLEIROS</u> D. Manuel Pavón López. D^a Mercedes Josefina González Alonso. D^a María Teresa López Rego. D. Pedro José Fernández Manín. D. José Ramón Val Alonso. D^a Rosa María Pérez Gradaille. D. Enrique Cotarelo García. D. Jaime Cancio Rodríguez. D^a Ana María López Campoamor. D^a María Ángeles Veiga Varela. D. Xan Carlos González Basanta.</p> <p>Non asiste o Concelleiro D. José María García Rivera.</p> <p><u>INTERVENTOR</u> D. Luis Ramón Vázquez Parga.</p> <p><u>SECRETARIA- en réxime de acumulación</u> D^a Ana Ramos Ramos.</p>	<p>No Salón de Plenos da Casa Consistorial de Foz, sendo as 20:30 horas do vinteoito de xuño de dous mil doce, baixo a presidencia de D. Javier Jorge Castiñeira, e asistido pola secretaria da Corporación en réxime de acumulación, D^a Ana Ramos Ramos, que da fe do acto, e o interventor municipal D. Luis Ramón Vázquez Parga, se reúnen os Srs. Concelleiros relacionados, membros todos do Pleno, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión ordinaria prevista para o día de hoxe, e de acordo co seguinte orde do día.</p>
--	---

1.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DE DATA 31 DE MAIO DE 2012.-

Pola Presidencia se pregunta aos membros presentes do Pleno se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día 31 de maio de 2012, e que foi oportunamente distribuída coa convocatoria.

Resulta aprobada a acta da citada sesión, tendo en conta a intervención do voceiro do grupo municipal UNIFOZ na que solicita, e se admite, a concreción da pregunta do horario da oficina de turismo aos días correspondentes á Ponte de Maio (17, 18... de maio 2012), e ordeando a súa transcripción ao Libro de Actas, segundo o



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P2701900I
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

disposto polo artigo 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

2.- RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA DITADAS DENDE O DÍA 29/05/2012 ATA O 25/06/2012.-

Aos efectos previstos no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, se da conta ao Pleno da Corporación das Resolucións ditadas pola Alcaldía-Presidencia dende o día 29/05/2012 ao 25/06/2012 e que foron postas de manifesto á Secretaría, quedando enterados os señores asistentes.

3.-INFORME INTERVENCIÓN SOBRE CUMPRIMENTO PLAN DE SANEAMENTO APROBADO POLO RDL 5/2009.-

Por Secretaría dáse conta do informes de Intervención Municipal sobre cumprimento Plan de Saneamento aprobado polo RDL 5/2009.

Os membros todos asistentes á sesión, **dánse por enterados.**

4.-DACIÓN DE CONTA DO ESTADO DE EXECUCIÓN DOS ORZAMENTOS MUNICIPAIS E SITUACIÓN E MOVEMENTOS DA TESOURERIA MUNICIPAL DO PRIMEIRO TRIMESTRE DO EXERCICIO 2012.-

Pola Secretaría da Corporación dáse conta e subministrase información do estado de execución dos orzamentos municipais e situación e movementos da Tesourería Municipal do primeiro trimestre do exercicio 2012.

Os membros todos asistentes á sesión, **dánse por enterados.**

5.-TOMA DE RAZÓN DA DENUNCIA DE D. JOSÉ MARÍA GARCÍA RIVERA AO CARGO DE CONCELEIRO DO GRUPO MUNICIPAL PSdG-PSOE NO CONCELLO DE FOZ.-

Pola Secretaría da Corporación dáse lectura á proposta de Alcaldía de data 25 de xuño de 2012, que no seu literal indica:

“Visto o escrito do concelleiro de grupo PSdG-PSOE, D. Jose María Garcia Rivera, de data 8 de xuño de 2012 no que comunica a renuncia ao cargo de concelleiro do Concello de Foz por motivos persoais.

Vista a lista presentada polo PSdG-PSOE nas últimas eleccións municipais na que aparecen os seguintes candidatos a tomar posesión en caso de renuncia dos actuai.



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P2701900I
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

Considerando o disposto nos artigos 73 e seguintes da Lei 7/85, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, os artigos 9 e seguintes do RD 2568/86, de 28 de novembro, que aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento das corporacións Locais.

Considerando o disposto no artigo 182 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do réxime electoral xeneral, así como a Instrución de 10 de xullo de 2003, da Xunta Electoral Central de substitución de cargos representativos locais.

PROPOÑO:

PRIMEIRO.- Tomar razón da renuncia de Don José María García Rivera, aos cargos de concelleiro do grupo PSdG-PSOE e voceiro do grupo no Concello de Foz, así como da nova distribución de membros nas comisións informativas nas que o seu grupo ten representación e de designación de voceiro do grupo municipal socialista

SEGUNDO.- Solicitar da Xunta Electoral Central que expida a credencial acreditativa da condición de electo, a favor da candidata seguinte na lista presentada polo PSdG-PSOE nas últimas eleccións municipais, que a xuízo da Corporación é a seguinte: Dona Ana Isabel Villarino Alonso”.

Os membros todos asistentes á sesión, **dánse por enterados.**

Ao respecto o concelleiro Sr. Val do partido socialista solicita tomar a palabra para agradecer ao concelleiro Sr. García Rivera os anos de adicación e de traballo e deséxalle o mellor para o futuro.

O Sr. Alcalde reitera o agradecemento polo traballo do Sr. García Rivera. No mesmo sentido os voceiros de UNIFOZ e BNG.

6.-SOLICITUDE Á EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO DE AXUDA ECONÓMICA PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS INCLUIDAS NO “ANTEPROXECTO DE OBRAS DE MELLORA NO CAMPO DE FÚTBOL DE MALATES-FOZ”.-

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios de Pleno en sesión celebrada o día 21 de xuño de 2012, que no seu literal indica:

“Tendo en conta que para o óptimo uso do Campo de Fútbol de Malates do concello de Foz é necesaria a execución de obras de acondicionamento e mellora que se inclúen no “Anteproxecto de obras de mellora no campo de fútbol de Malates Foz”, redactado polo Arquitecto Ramiro Cociña Orol (Colg. COAG nº 3055).

Tendo en conta que as obras de acondicionamento do campo de fútbol meritado a través do Plan Extraordinario da Excma. Deputación provincial de Lugo, non foron suficientes para cubrir as necesidades de funcionamento e uso debido das instalacións deportivas de que se trata.

Vista a solicitude desta Alcaldía de data 8 de maio de 2012, dirixida á Vicepresidencia 1ª da Deputación Provincial de Lugo de financiamento para a execución das obras incluídas no “Anteproxecto de obras de mellora no campo de



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P2701900I
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

fútbol de Malates Foz”, transmitíndolle a petición unánime dos usuarios do Campo de Fútbol de Malates, en particular o CD Foz, Asociación de Veteranos do CD Foz e Asociación Santiago de Foz.

Visto canto antecede e considerando as competencias da Alcaldía, reguladas no artigo 21.1 da Lei 7/1985 de de abril, PROPOÑO, para a súa consideración a través da Comisión Informativa previa á celebración do Pleno ordinario:

PRIMEIRO: Instar á Excm. Deputación provincial de Lugo, como xa se fixo a medio de solucitude de 8 de maio de 2012, para conceder ao Concello de Foz unha axuda económica para a execución de obras de acondicionamento e mellora que se inclúen no “Anteprojecto de obras de mellora no campo de fútbol de Malates Foz”, redactado polo Arquitecto Ramiro Cociña Orol (Colg. COAG nº 3055), que obra no expediente.

SEGUNDO: Dar traslado á Excm. Deputación Provincial de Lugo do acordo que se adopte, así como ao CD Foz, Asociación de Veteranos do CD Foz e Asociación Santiago de Foz.

Intervén a continuación o Sr. Val Alonso manifestando que tamén se solicite á Dirección Xeral de Deportes.

Unha vez rematado o turno de debate, pola Presidencia sométese a votación o asunto do epígrafe, conforme ao literal que se transcribe, co seguinte resultado:

Votos a favor: 3 (PP)

Abstencións: 5 (2, PSOE; 2, UNIFOZ; 1, BNG)

PRIMEIRO: Instar á Excm. Deputación provincial de Lugo, como xa se fixo a medio de solucitude de 8 de maio de 2012, para conceder ao Concello de Foz unha axuda económica para a execución de obras de acondicionamento e mellora que se inclúen no “Anteprojecto de obras de mellora no campo de fútbol de Malates Foz”, redactado polo Arquitecto Ramiro Cociña Orol (Colg. COAG nº 3055), que obra no expediente.

SEGUNDO: Dar traslado á Excm. Deputación Provincial de Lugo do acordo que se adopte, así como ao CD Foz, Asociación de Veteranos do CD Foz e Asociación Santiago de Foz”.

Aberto o turno de debate teñen lugar as seguintes intervencións que se transcriben en síntese:

O Sr. Alcalde defernde o contido da moción.

O Sr. Val do PSOE indica que comparte que se teñan que mellorar as instalacións municipais, pero indica que a Deputación xa fixo obras de mellora co orzamento que había. Afirmar que o proxecto podería ser feito polos técnicos municipais e non un técnico externo que ten que cobrar polo traballo en concepto de honorarios. Insta á Xunta de Galicia para que poida financiar esta obra, xa que noutros concellos está facendo obras equivalentes. Indica finalmente que a Deputación de Lugo non está sometendo ao concello de Foz a ningún acoso e fai referencia a obras invertidas polo ente provincial en Foz.



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P2701900I
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

O voceiro de UNIFOZ indica que está de acordo co fondo do asunto, isto é en mellorar as instalacións, pero afirma que lle parece sorprendente que se traia este proxecto aquí, e llo parece positivo trasladalo á Xunta de Galicia.

O voceiro do BNG indica que se non se pediu o acordo da corporación para facer o proxecto non entende por qué se pide agora o apoio de todos os grupos. Indica que todos os proxectos deben de sacarse a concurso público. Critica o uso que se fai das institucións e indica que se se pide á Deputación se pida á Xunta, xa que o equipo de goberno non trae nada para pedirlle a Xunta.

O Sr. Alcalde indica que a Deputación de Lugo dende hai un ano non fixo máis que poñer zancadillas, e a pesar deso estase tentando manter o respecto institucional, a pesar de que o Presidente provincial non recibe a esta Alcaldía. Outro exemplo é a solicitude de devolución de cartos por obras que financiou a Deputación, ou a paralización de obras que fixo Gestagua sen permiso provincial cando indican dende a empresa concesionaria que antes nunca se pedía autorización provincial. Sobre o técnico redactor indica que este técnico xa traballaba para o concello e que non lle costou nin un so duro ao concello. Sobre a tramitación por concurso indica que pola contía non é necesario facer licitación por concurso. Afirma que a Xunta xa está facendo obras que dende Alcaldía se pediron. Pregunta se cando dende o partido socialista se fixo o plan extraordinario se chamou ao partido popular para ver se estaba de acordo, indicando que non se fixo. E conclúe que non se deben de quedar nas formas cando se poden facer cousas para Foz.

O Sr. Val pregunta qué problema hai para pedirlle á Xunta esta obra e qué problema hai para que os técnicos municipais fagan este proxecto.

O Sr. Cancio indica se calquera técnico pode dirixirse ao concello a presentar un anteprojecto sen cobrar nada; se abre con esa práctica a porta dunha práctica que non lle gusta. Afirma que é positivo que se pida á Xunta e que con este punto se pretende buscar un rédito político.

O Sr. González Basanta indica que se hai un proxecto para o pobo hai que consensualo, pero o voto do BNG é favorable e non se vai cambiar. O do concurso público é importante e que os técnicos municipais fagan os proxectos tamén. Afirma que se ve a falta de madurez política porque os proxectos se piden por asociacións, persoas pero non son por ideas do grupo de goberno. Afirma que o PP é un artista da propaganda, e que as institucións son de todos e pide un cambio de aptitude.

O Sr. Alcalde di que se aplique o mesmo rasero nas mocións cando se piden cuestións á Xunta. Sobre quen usa as institucións llo vai dicir ao Sr. Basanta despois o Alcalde, e quen é o artista da propaganda. Se tenta bloquear o que o equipo de goberno trae a pleno.

Unha vez rematado o turno de debate, pola Presidencia sométese a votación o asunto do epígrafe, co seguinte resultado:

Votos a favor: 6 (5 PP, 1 BNG)
Votos en contra: 6 (3 PSOE; 3 UNIFOZ)



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P2701900I
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

Ao producirse un empate na 1ª votación levase a cabo unha 2ª votación, manténdose de novo o empate, que é resolto polo voto de calidade do Sr. Alcalde-Presidente, polo que o asunto **queda aprobado**, conforme ao literal que se transcribe:

PRIMEIRO: Instar á Excma. Deputación provincial de Lugo, como xa se fixo a medio de solucitude de 8 de maio de 2012, para conceder ao Concello de Foz unha axuda económica para a execución de obras de acondicionamento e mellora que se inclúen no “Anteproxecto de obras de mellora no campo de fútbol de Malates Foz”, redactado polo Arquitecto Ramiro Cociña Orol (Colg. COAG nº 3055), que obra no expediente.

SEGUNDO: Dar traslado á Excma. Deputación Provincial de Lugo do acordo que se adopte, así como ao CD Foz, Asociación de Veteranos do CD Foz e Asociación Santiago de Foz.

7.-INCORPORACIÓN INVENTARIO CENTRO SOCIAL SAN XULIAN DE NOIS.-

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios de Pleno en sesión celebrada o día 21 de xuño de 2012, que no seu literal indica:

“Acreditado por esta Alcaldía a execución do centro social de Nois na parcela cedida ao efecto pola Agrupación Deportiva San Julián de Nois, sito en Veiga de Arealonga.

Acreditado a medio de expediente económico a valoración económica do mesmo en distintas anualidades dende o inicio, que ascenden a un total de 174.313,050 euros, aboadas polo concello de Foz, sen perxuízo dos entes cofinanciadores que puideran participar economicamente nalgunha das fases recoñecidas.

Tendo en conta que o Centro social é de propiedade municipal, ao ser o concello de Foz o promotor da execución do mesmo tal e como así o acreditan os costes económicos asumidos polo erario municipal así como o recoñecemento da propia Agrupación deportiva no documento de cesión da parcela de 24/11/1997 para a construción na mesma dun “centro social coa finalidade de propiciar actividades entre os veciños do concello”, así como segundo consta en solucitude de 1/07/2010 presentada pola Presidenta da Agrupación cando indica “Que este local social foi construído polo concello de Foz...”

Tendo en conta que a construción municipal antedita atópase en parcela propiedade da Agrupación Deportiva San Julián de Nois, segundo escritura de compraventa de 15 de novembro de 1984 e agrupación posterior.



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P27019001
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

Tendo en conta que co fin de regularizar a situación xurídica da edificación, é necesario comezar os trámites administrativos necesarios para tal fin.

A tal efecto e tendo en conta canto antecede, e considerando a competencia desta Alcaldía regulada no artigo 21.1 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases do réxime local, xunto co establecido ao efecto no Regulamento de Bens das entidades locais, aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño,

PROPOÑO:

PRIMEIRO.- *Que se proceda á inscrición no Inventario dos bens e dereitos pertencentes a esta Entidade Local, do ben inmovible Centro Social de Nois coas seguintes características:*

FICHA N°

BIEN INMUEBLE: CENTRO SOCIAL DE NOIS

DATOS DE PARCELA DE UBICACIÓN

NATURALEZA: RÚSTICA

POLÍGONO:

PARCELA:

LINDEROS: NORTE: FINCA DE MARIA MANUELA RIBADENEIRA Y RAMÓN DÍAZ PAZ

SUR: CAMINO Y HERMANOS RODRÍGUEZ EIJO, CAMINO Y HEREDEROS DE CÁNDIDA RODRÍGUEZ PILLADO

ESTE: HEREDEROS DE CÁNDIDA RODRÍGUEZ PILLADO

OESTE: CAMINO Y HEREDEROS DE CÁNDIDA RODRÍGUEZ PILLADO

NATURALEZA DOMINIO: NUDA PROPIEDAD

LOCALIZACIÓN: FOZ. LUGO.

ESTADO DE POSESIÓN: 01 PLENA POSESIÓN AGRUPACIÓN DEPORTIVA SAN JULIAN DE NOIS CON CESIÓN A AYUNTAMIENTO DE FOZ PARA CONSTRUCCIÓN DE CENTRO SOCIAL DESDE 5/12/1997 HASTA FINALIZACIÓN CONSTRUCCIÓN.

FORMA DE ADQUISICIÓN: COMPRAVENTA. ESCRIT. PROP. ANTE NOTARIO ANTONIO LÓPEZ CALDERON VÁZQUEZ EL 15/11/1984, Y AGRUPACIÓN POR NOTARIO D. MANUEL MARÍA ROMERO NEIRA EL 10/01/1991.

SUPERFICIE PARCELA: ESCRITURAL: 34 AREAS Y 45 CENTIÁREAS MÁS AGRUPACIÓN

CATASTRAL:

DESCRIPCIÓN DEL EDIFICIO: CONSTRUCCIÓN CENTRO SOCIAL DE NOIS, SEGÚN PROYECTO ADJUNTO REDACTADO POR EL ARQUITECTO DON ALBERTO GARCÍA MARTÍNEZ, EN BURELA A 24/07/1990

USO: CULTURAL

LINDEROS: NORTE: FINCA DE MARIA MANUELA RIBADENEIRA Y RAMÓN DÍAZ PAZ

SUR: CAMINO Y HERMANOS RODRÍGUEZ EIJO, CAMINO Y HEREDEROS DE CÁNDIDA RODRÍGUEZ PILLADO

ESTE: HEREDEROS DE CÁNDIDA RODRÍGUEZ PILLADO



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P2701900I
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

OESTE: CAMINO Y HEREDEROS DE CÁNDIDA RODRÍGUEZ PILLADO
CONSTRUCCIÓN: CENTRO SOCIAL
ESTADO DE POSESIÓN: 01 PLENA POSESIÓN
FORMA DE INCORPORACIÓN: 16 CONSTRUCCIÓN PROPIA.
SUPERFICIE: CATASTRAL:
AÑO DE CONSTRUCCIÓN:
VALORACIÓN ECONÓMICA DEL INMUEBLE: 174.313,050 EUROS:
DATOS URBANÍSTICOS: NNSS
CALIFICACIÓN DEL SUELO: NO URBANIZABLE
CALIFICACIÓN URBANÍSTICA: DOTACIONAL
ORDENANZA DE APLICACIÓN:
DATOS CATASTRALES: REFERENCIA:
DATOS JURÍDICOS CONSTRUCCIÓN: ATRIBUCIÓN DE LEY POR NUEVA
CONSTRUCCIÓN

VALORACION ULTIMA RECTIFICACION A 31-12-10	16.327.249,67 €
VALORACION RECTIFICACION A 31-12-11	324.000,00 €.
TOTAL VALORACION A 31-12-11	16.651.249,69 €.
INCORPORACIÓN CENTRO SOCIAL NOIS:	174.313,050 €.
TOTAL VALORACIÓN A 1-07-12	16.825.562,74 €.

SEGUNDO. -Remitir copia íntegra do mesmo á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma, así como ao Rexistro da Propiedade aos efectos oportunos.

Intervén o portavoz do grupo municipal UNIFOZ, Sr. Cancio Rodríguez, solicitando un informe técnico e xurídico do que se vai a facer.

Unha vez rematado o turno de debate, pola Presidencia sométese a votación o asunto do epígrafe, conforme ao literal que se transcribe, co seguinte resultado:

Votos a favor: 3 (PP)
Abstencións: 5 (2, PSOE; 2, UNIFOZ; 1, BNG)

PRIMEIRO.- Que se proceda á inscrición no Inventario dos bens e dereitos pertencentes a esta Entidade Local, do ben inmovible Centro Social de Nois coas seguintes características:

FICHA N°

BIEN INMUEBLE: CENTRO SOCIAL DE NOIS

DATOS DE PARCELA DE UBICACIÓN
NATURALEZA: RÚSTICA
POLÍGONO:



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P27019001
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

PARCELA:

LINDEROS: NORTE: FINCA DE MARIA MANUELA RIBADENEIRA Y RAMÓN DÍAZ PAZ

SUR: CAMINO Y HERMANOS RODRÍGUEZ EIJO, CAMINO Y HEREDEROS DE CÁNDIDA RODRÍGUEZ PILLADO
ESTE: HEREDEROS DE CÁNDIDA RODRÍGUEZ PILLADO
OESTE: CAMINO Y HEREDEROS DE CÁNDIDA RODRÍGUEZ

PILLADO

NATURALEZA DOMINIO: NUDA PROPIEDAD

LOCALIZACIÓN: FOZ. LUGO.

ESTADO DE POSESIÓN: 01 PLENA POSESIÓN AGRUPACIÓN DEPORTIVA SAN JULIAN DE NOIS CON CESIÓN A AYUNTAMIENTO DE FOZ PARA CONSTRUCCIÓN DE CENTRO SOCIAL DESDE 5/12/1997 HASTA FINALIZACIÓN CONSTRUCCIÓN.

FORMA DE ADQUISICIÓN: COMPRAVENTA. ESCRIT. PROP. ANTE NOTARIO ANTONIO LÓPEZ CALDERON VÁZQUEZ EL 15/11/1984, Y AGRUPACIÓN POR NOTARIO D. MANUEL MARÍA ROMERO NEIRA EL 10/01/1991.

SUPERFICIE PARCELA: ESCRITURAL: 34 AREAS Y 45 CENTIÁREAS MÁS AGRUPACIÓN

CATASTRAL:

DESCRIPCIÓN DEL EDIFICIO: CONSTRUCCIÓN CENTRO SOCIAL DE NOIS, SEGÚN PROYECTO ADJUNTO REDACTADO POR EL ARQUITECTO DON ALBERTO GARCÍA MARTÍNEZ, EN BURELA A 24/07/1990

USO: CULTURAL

LINDEROS: NORTE: FINCA DE MARIA MANUELA RIBADENEIRA Y RAMÓN DÍAZ PAZ

SUR: CAMINO Y HERMANOS RODRÍGUEZ EIJO, CAMINO Y HEREDEROS DE CÁNDIDA RODRÍGUEZ PILLADO
ESTE: HEREDEROS DE CÁNDIDA RODRÍGUEZ PILLADO
OESTE: CAMINO Y HEREDEROS DE CÁNDIDA RODRÍGUEZ PILLADO

CONSTRUCCIÓN: CENTRO SOCIAL

ESTADO DE POSESIÓN: 01 PLENA POSESIÓN

FORMA DE INCORPORACIÓN: 16 CONSTRUCCIÓN PROPIA.

SUPERFICIE: CATASTRAL:

AÑO DE CONSTRUCCIÓN:

VALORACIÓN ECONÓMICA DEL INMUEBLE: 174.313,050 EUROS:

DATOS URBANÍSTICOS: NNSS

CALIFICACIÓN DEL SUELO: NO URBANIZABLE

CALIFICACIÓN URBANÍSTICA: DOTACIONAL

ORDENANZA DE APLICACIÓN:

DATOS CATASTRALES: REFERENCIA:

DATOS JURÍDICOS CONSTRUCCIÓN: ATRIBUCIÓN DE LEY POR NUEVA CONSTRUCCIÓN

VALORACION ULTIMA RECTIFICACION A 31-12-10 16.327.249,67 €

VALORACION RECTIFICACION A 31-12-11 324.000,00 €.

TOTAL VALORACION A 31-12-11 16.651.249,69 €.



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P27019001
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

INCORPORACIÓN CENTRO SOCIAL NOIS: 174.313,050 €.
TOTAL VALORACIÓN A 1-07-12 16.825.562,74 €.

SEGUNDO. *-Remitir copia íntegra do mesmo á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma, así como ao Rexistro da Propiedade aos efectos oportunos”.*

Aberto o turno de debate teñen lugar as seguintes intervencións que se transcriben en síntese:

O Sr. Alcalde defende o contido da proposta.

O Sr. Val indica que comparte a intención de regularizar esta situación pero afirma que entende que existen conflitos xurídicos para aprobar este acordo. Expón que os artigos da lei hipotecaria aos que se fai referencia no expediente non cumpren todos os supostos de feito do expediente argumentando xurídicamente as dúbidas ao respecto, e solicitando que por parte da Secretaria Xeral se aclare se o acordo é conforme a dereito.

O Sr. Cancio indica que está de acordo en que o local sexa utilizado polos veciños, pero afirma que pensa que pode haber problemas no rexistro da propiedade por ser o terreo propiedade dun colectivo e o edificio construído polo concello. Ten dúbidas entre votar a favor e absterse o seu grupo polo procedemento utilizado anque está de acordo en que se incorpore ao inventario municipal.

O voceiro do BNG afirma que vendo os informes xurídicos do expedientes vai votar a favor.

O Sr. Alcalde afirma que hai un punto a favor que é concluir cedendo a asociación o uso do edificio e da turno de palabra á Secretaria municipal para que aclare as dúbidas xurídicas ao respecto, que toma a palabra para intervir referenciando o procedemento que dende o seu criterio se debe de seguir que ratifica en síntese o contido dos informes xurídicos obrantes no expediente.

Unha vez rematado o turno de debate a continuación procédese á votación do asunto, **acordando aprobar por unanimidade** o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Que se proceda á inscrición no Inventario dos bens e dereitos pertencentes a esta Entidade Local, do ben inmovible Centro Social de Nois coas seguintes características:

FICHA Nº

BIEN INMUEBLE: CENTRO SOCIAL DE NOIS

DATOS DE PARCELA DE UBICACIÓN

NATURALEZA: RÚSTICA

POLÍGONO:

PARCELA:

LINDEROS: NORTE: FINCA DE MARIA MANUELA RIBADENEIRA Y RAMÓN DÍAZ PAZ



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P27019001
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

**SUR: CAMINO Y HERMANOS RODRÍGUEZ EIJO, CAMINO Y
HEREDEROS DE CÁNDIDA RODRÍGUEZ PILLADO
ESTE: HEREDEROS DE CÁNDIDA RODRÍGUEZ PILLADO
OESTE: CAMINO Y HEREDEROS DE CÁNDIDA RODRÍGUEZ**

PILLADO

NATURALEZA DOMINIO: NUDA PROPIEDAD

LOCALIZACIÓN: FOZ. LUGO.

**ESTADO DE POSESIÓN: 01 PLENA POSESIÓN AGRUPACIÓN DEPORTIVA SAN
JULIAN DE NOIS CON CESIÓN A AYUNTAMIENTO DE FOZ PARA
CONSTRUCCIÓN DE CENTRO SOCIAL DESDE 5/12/1997 HASTA FINALIZACIÓN
CONSTRUCCIÓN.**

**FORMA DE ADQUISICIÓN: COMPRAVENTA. ESCRIT. PROP. ANTE NOTARIO
ANTONIO LÓPEZ CALDERON VÁZQUEZ EL 15/11/1984, Y AGRUPACIÓN POR
NOTARIO D. MANUEL MARÍA ROMERO NEIRA EL 10/01/1991.**

**SUPERFICIE PARCELA: ESCRITURAL: 34 AREAS Y 45 CENTIÁREAS MÁS
AGRUPACIÓN**

CATASTRAL:

**DESCRIPCIÓN DEL EDIFICIO: CONSTRUCCIÓN CENTRO SOCIAL DE NOIS,
SEGÚN PROYECTO ADJUNTO REDACTADO POR EL ARQUITECTO DON
ALBERTO GARCÍA MARTÍNEZ, EN BURELA A 24/07/1990**

USO: CULTURAL

**LINDEROS: NORTE: FINCA DE MARIA MANUELA RIBADENEIRA Y RAMÓN DÍAZ
PAZ**

**SUR: CAMINO Y HERMANOS RODRÍGUEZ EIJO, CAMINO Y
HEREDEROS DE CÁNDIDA RODRÍGUEZ PILLADO
ESTE: HEREDEROS DE CÁNDIDA RODRÍGUEZ PILLADO
OESTE: CAMINO Y HEREDEROS DE CÁNDIDA RODRÍGUEZ PILLADO**

CONSTRUCCIÓN: CENTRO SOCIAL

ESTADO DE POSESIÓN: 01 PLENA POSESIÓN

FORMA DE INCORPORACIÓN: 16 CONSTRUCCIÓN PROPIA.

SUPERFICIE: CATASTRAL:

AÑO DE CONSTRUCCIÓN:

VALORACIÓN ECONÓMICA DEL INMUEBLE: 174.313,050 EUROS:

DATOS URBANÍSTICOS: NNSS

CALIFICACIÓN DEL SUELO: NO URBANIZABLE

CALIFICACIÓN URBANÍSTICA: DOTACIONAL

ORDENANZA DE APLICACIÓN:

DATOS CATASTRALES: REFERENCIA:

**DATOS JURÍDICOS CONSTRUCCIÓN: ATRIBUCIÓN DE LEY POR NUEVA
CONSTRUCCIÓN**

VALORACION ULTIMA RECTIFICACION A 31-12-10 16.327.249,67 €

VALORACION RECTIFICACION A 31-12-11 324.000,00 €.

TOTAL VALORACION A 31-12-11 16.651.249,69 €.

INCORPORACIÓN CENTRO SOCIAL NOIS: 174.313,050 €.

TOTAL VALORACIÓN A 1-07-12 16.825.562,74 €.



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P27019001
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

SEGUNDO. -Remitir copia íntegra do mesmo á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma, así como ao Rexistro da Propiedade aos efectos oportunos.

O Sr. Cancio de UNIFOZ solicita explicación de voto e afirma nese sentido que mantén as dúbidas sobre os impedimentos que poida haber para a inscrición no rexistro da propiedade.

8.-MOCIÓN UNIFOZ PARA QUE A CORPORACIÓN MUNICIPAL SOLICITE AO MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE COPIA DO PROXECTO DE RECUPERACIÓN ETNOGRÁFICA DOS MUIÑOS NO ENTORNO DO RÍO OURO EN FAZOURO E QUE SE INCLÚA UNHA PARTIDA PRESUPUESTARIA PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS.-

Pola Secretaría da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios de Pleno en sesión celebrada o día 21 de xuño de 2012, que no seu literal indica:

“Que un dos potenciais turísticos do noso pobo é a nosa paisaxe e as nosas rutas turísticas como o demostra que cada día son máis persoas as que visitan rutas como a do Río Ouro.

Que pola corporación anterior procedeuse fai un tempo á compra de terreos no lugar chamado dos Muiños en Fazouro, coa finalidade de que o Ministerio de M. Ambiente – S. Provincial de Costas, executara un proxecto de posta en valor etnográfico das antigas construcións do lugar.

Por todo o anteriormente exposto UNIFOZ, presenta esta MOCION para que a Corporación Municipal solicite ao Ministerio de M. Ambiente :

-Copia do proxecto de recuperación etnográfica dos Muiños no entorno do Río Ouro en Fazouro.

-Que se inclua unha partida presupuestaria para a execución das obras mencionadas.

*Unha vez rematado o turno de debate, pola Presidencia sométese a votación o asunto do epígrafe, conforme ao literal que se transcribe, que é **aprobada por unanimidade** de tódolos membros presentes.*

Solicitar ao Ministerio de Medio Ambiente:

-Copia do proxecto de recuperación etnográfica dos Muiños no entorno do Río Ouro en Fazouro.

-Que se inclua unha partida presupuestaria para a execución das obras mencionadas”.

Aberto o turno de debate teñen lugar as seguintes intervencións que se transcriben en síntese:

O Sr. Cancio defende o contido da proposta.

O Sr. Val indica que lle costa que houbo proxecto en exposición pública desta zoa e parecelle ben a proposta.



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P2701900I
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

O Sr. González Basanta manifesta a conformidade co fondo da moción.

O Sr. Alcalde indica que vai facer como o resto dos grupos que é solicitalo a outras administracións. Sobre o mantemento das instalacións afirma que en moitos casos é inasumible como por exemplo o CENIMA, ou os xardíns e paseos marítimos, pero non cree que se poida facer esa obra nin que o concello poida asumir o seu mantemento por eso anticipa que o grupo de goberno se absterá neste punto.

O Sr. Cancio indica que non se poden manter as instalacións porque non se saben reorganizar aos traballadores do concello, e pregunta cando se sacará o plan de emprego. Pídelle ao Alcalde que non diga que non a obras que sexan boas para Foz. Decir non a esta obra é dicir non a Foz e ao turismo de Foz.

O Sr. Val indica que lle parece grave que o Alcalde afirme que é un problema que haxa kilómetros de paseos en Foz. O Alcalde debe de poder manter os servizos e non dicir que non se queren traer cousas para Foz e que lle parece excesivo o que hai. O Sr. Alcalde por alusións toma a palabra para indicar que non dixo que non queira 14 kilómetros de paseos para Foz dí que hai que ter cartos para mantelos e que agora as outras administracións non colaboran.

O Sr. González Basanta indica que para custos de mantemento ahí está a cidade da cultura.

Unha vez rematado o turno de debate a continuación procédese á votación do asunto, co seguinte resultado:

Votos a favor: 7 (3, PSOE; 3 UNIFOZ; 1 BNG)
Abstencións: 5 (PP)

Resultando aprobado o seguinte acordo:

Solicitar ao Ministerio de Medio Ambiente:

-Copia do proxecto de recuperación etnográfica dos Muiños no entorno do Río Ouro en Fazouro.

-Que se inclua unha partida presupuestaria para a execución das obras mencionadas.

9.-MOCIÓN UNIFOZ PARA PEDIR ACORDO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DE INSTAR Á XUNTA DE GALICIA A QUE CONCEDA AO NOSO CONCELLO CON CARÁCTER DE URXENCIA UN OBRADOIRO DE EMPREGO.-

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios de Pleno en sesión celebrada o día 21 de xuño de 2012, que no seu literal indica:

“Que cada día que pasa podemos observar como os datos do desemprego no noso Concello, son mais alarmantes, chegando pois a preto de 800 persoas en paro,



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P27019001
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

dato este que nos sitúa como un dos concellos da Mariña coa taxa de desemprego mais alta.

Analizando os datos, podemos ver como a maioría dos desempregados son mulleres con 25 a 44 anos (249), seguido de homes de 25 a 44 anos (198) , sendo este sector o 60% do total, todos eles do sector servizos e construción.

O concello como administración local, non pode permanecer pasivo ante esta situación, e necesario impulsar políticas de emprego para amortiguar esta situación de desemprego ao mesmo tempo que se traballe en políticas de creación de emprego estable.

Por todo o exposto UNIFOZ, presenta esta MOCIÓN, para pedir acordo da Corporación Municipal de instar a Xunta de Galicia, a que conceda ao nos Concello con carácter de urxencia un OBRADOIRO DE EMPREGO, que permita amortiguar a situación de desemprego ao mesmo tempo que permite fortalecer servizos municipais.

*Unha vez rematado o turno de debate, pola Presidencia sométese a votación o asunto do epígrafe, conforme ao literal que se transcribe, que é **aprobada por unanimidade** dos membros presentes:*

Instar a Xunta de Galicia, a que conceda ao nos Concello con carácter de urxencia un OBRADOIRO DE EMPREGO, que permita amortiguar a situación de desemprego ao mesmo tempo que permite fortalecer servizos municipais”.

Aberto o turno de debate teñen lugar as seguintes intervencións que se transcriben en síntese:

O Sr. Cancio defende o contido da proposta.

O Sr. Val indica que o paro é un grave problema é por eso vai votar a favor, e que lle extrana que o Alcalde non traia esta iniciativa e que sexa un grupo da oposición o que o traia e que eso amosa a falta de ideas do equipo de goberno.

O Sr. Alcalde indica que dende que goberna non saiu a orde de convocatoria dos obradoiros e que se levan máis de seis meses traballando neste tema coa Xunta de Galicia e xa estiveron en Foz técnicos da Xunta para homologar as instalacións que servirán de aulas. Este é un tema traballado polo equipo de goberno.

O Sr. Cancio indica que pide obradoiro e non unha escola taller.

O Sr. Val alégrase de que se fixeran xestións ao respecto.

Unha vez rematado o turno de debate a continuación procédese á votación do asunto, **acordando aprobar por unanimidade** o seguinte acordo:

Instar a Xunta de Galicia, a que conceda ao nos Concello con carácter de urxencia un OBRADOIRO DE EMPREGO, que permita amortiguar a situación de desemprego ao mesmo tempo que permite fortalecer servizos municipais.



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P27019001
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

10.-MOCIÓN BNG PARA QUE A XUNTA DE GALIZA REVOQUE O ACORDO DE SUPRESIÓN DOS SERVIZOS QUE SE PRESTAN A TRAVÉS DAS OFICINAS LIQUIDADORAS DE TAXAS E IMPOSTOS.-

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios de Pleno en sesión celebrada o día 21 de xuño de 2012, que no seu literal indica:

“As persoas titulares dos Rexistros da Propiedade das vilas e cabeceiras de comarca de Galiza, agás aqueles situados nas cidades da Coruña, Vigo, Lugo, Ourense, Pontevedra e Santiago, veñen de coñecer a intención da Xunta de Galiza de non proceder á renovación do convenio que expira o 31 de decembro deste ano, en virtude do cal estes prestaban os servizos, entre outros, de oficinas liquidadoras de diferentes taxas e impostos. No caso da Mariña estas oficinas funcionan nas vilas de Mondoñedo, Ribadeo e Viveiro.

A través destas oficinas liquidadoras nos diferentes Rexistros da Propiedade veñen realizando todas as xestións relacionadas con sucesións, transmisións, actos xurídicos documentados, societarios, etc., ademais da correspondente liquidación das taxas e xestións como as relacionadas coa interposición de recursos de reposición, comprobación de valores, notificacións ou requirimentos ás persoas interesadas, entre outras.

Ademais a existencia nas mesmas de persoal especializado no ámbito do dereito civil, propiedade, etc. permite prestarlles ás persoas do ámbito de actuación no que se atopa o noso concello, servizos de información e asesoramento ao tempo que actúan como arquivos de documentos e escrituras privadas. Hai que ter en conta que en Galiza non hai tradición de escritura pública polo que resulta moi importante o labor de arquivo de escrituras privadas que veñen realizando estas oficinas, xa que arquivan un exemplar de cada documento privado que é obxecto dalgún trámite nesa oficina e queda alí para o futuro; podendo as persoas interesadas acudir en caso de extravío ou para futuras partillas de persoas herdeiras.

De proceder por parte do goberno da Xunta de Galiza á desaparición destas oficinas liquidadoras o Rexistro da Propiedade de vilas e cabeceiras de comarca pasarán a ser meros receptores, obrigando aos veciños e veciñas interesadas a acudir ás cidades antes citadas para realizar o resto dos trámites relacionados coa liquidación, ademais de perder o resto dos servizos que se lles viñan prestando.

Esta actuación supón un novo golpe de graza do goberno do PP á poboación que vive fóra dos grandes núcleos urbanos da nosa nación pois trátase dunha medida que priva de servizos cos que viñan contando as persoas que viven en vilas e aldeas do rural. Trátase dunha medida que vai claramente en contra do proceso de comarcalización dos servizos e do equilibrio territorial. O que vén demostrar o nulo interese do PP polo mantemento de poboación e actividade económica nas cabeceiras de comarca, nas vilas e nas aldeas, e o exercicio dunha política que priva á xente destes lugares de máis servizos, incrementando a súa dependencia das grandes cidades.

Levar a cabo unha decisión deste calibre supón menosprezar as características da poboación galega, tanto no que atinxe á súa dispersión, ás súas condicións socioeconómicas, ao seu envellecemento como aos grandes déficits de mobilidade que padece en gran parte do noso territorio, ao que debemos engadir outras decisións lesivas como a redución do mapa xudicial.



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P27019001
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

Esta nova medida do PP vai motivar a perda de arredor 150 postos de traballo en Galiza, postos de traballo cualificados e asentados en contornos sensíbeis como o medio rural, baixo o pretexto do aforro e a austeridade.

Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

Instar á Xunta de Galiza a revocar a súa determinación de suprimir as funcións de oficinas liquidadoras que se realizan a través dos Rexistro da Propiedade de vilas e cabeceiras de comarcas, e a que se renoven os convenios asinados até agora.

Unha vez rematado o turno de debate, pola Presidencia sométese a votación o asunto do epígrafe, conforme ao literal que se transcribe, co seguinte resultado:

*Votos a favor: 5 (2, PSOE; 2, UNIFOZ; 1, BNG)
Abstencións: 3 (PP)*

Instar á Xunta de Galiza a revocar a súa determinación de suprimir as funcións de oficinas liquidadoras que se realizan a través dos Rexistro da Propiedade de vilas e cabeceiras de comarcas, e a que se renoven os convenios asinados até agora”.

Aberto o turno de debate teñen lugar as seguintes intervencións que se transcriben en síntese:

O Sr. González Basanta defende o contido da proposta.

O Sr. Val indica que está a favor porque o PP está facendo políticas de alonxar os servizos aos cidadáns cando débense de acercar.

O Sr. Alcalde indica que quere facer unhas precisións ao respecto, xa que había un convenio cos rexistradores da propiedade que remata en decembro deste ano e que a Xunta tentou renegociar xa que tiña un coste moi alto para que os rexistradores aceptasen uns costes máis baixos ou senón buscar outras alternativas para facelo dende os concellos, os notarios as axencias tributarias o que podería ser que se trouxera este servizo para Foz cando agora non o hai, polo que non hai que anticiparse porque pode mellorarse o servizo para este concello.

O voceiro do BNG indica que hai outras cousas como o rescate dos bancos que tamén teñen un coste alto. Esta moción afirma que tenta que non se perdan servizos dentro da comarca e que as políticas de axuste non leven consigo a supresión de servizos.

O Sr. Val indica que o PP ten información privilexiada.

O voceiro de UNIFOZ indica que ten dúbidas dos datos aportados e que se é así se aplaudirá pero mentras votará a favor.

O Sr. Alcalde di que oir falar ao partido socialista de crecemento económicos é demagógico porque neste caso concreto se está derrochando diñeiro público para un colexio profesional, e indica que é ven documentado porque o pleno hai que preparalo.



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P2701900I
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

Unha vez rematado o turno de debate a continuación procédese á votación do asunto, co seguinte resultado:

Votos a favor: 7 (3 PSOE; 3 UNIFOZ; 1 BNG)
Votos en contra: 5 (PP)

Resultando aprobado o seguinte acordo:

Instar á Xunta de Galiza a revocar a súa determinación de suprimir as funcións de oficinas liquidadoras que se realizan a través dos Rexistro da Propiedade de vilas e cabeceiras de comarcas, e a que se renoven os convenios asinados até agora.

11.-MOCIÓN BNG RELATIVA Á REVISIÓN DO ACORDO DE EXENCIÓN DO PAGAMENTO DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBÉIS (IBI) POR PARTE DA IGREXA CATÓLICA, OU COMPENSACIÓN EN TANTO NON SE PRODUCIR A REVISIÓN.-

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios de Pleno en sesión celebrada o día 21 de xuño de 2012, que no seu literal indica:

“En función dos acordos subscritos entre o Estado español e a Santa Sede en 1976 e 1979, a Igrexa Católica conserva varios privilexios, impropios dun Estado que se declara aconfesional. Parte destes privilexios son de carácter económico, o que supón que a Igrexa Católica goce dun financiamento e condicións económicas excepcionais. Así, obtén financiamento directo mediante o IRPF e está exenta do pago de varios impostos. Entre eles, goza dunha exención no pagamento do IBI por todos os bens inmóbeis que posúe, tal e como contempla a letra c) do primeiro punto do artigo 62 do “Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais”, unha exención que se estende tamén a outras asociacións confesionais non católicas.

Na situación actual de grave crise económica, cunhas consecuencias que están a repercutir en toda a poboación, que sofre recortes laborais, sociais e económicos, e que debe cumprir coas súas obrigas tributarias, resulta incomprensíbel -tendo en conta ademais a delicada situación financeira no ámbito local- que a Igrexa Católica teña o privilexio de non tributar aos concellos polo seu enorme patrimonio, ao tempo que percibe financiamento directo e subvencións para a conservación e mantemento dos seus fondos patrimoniais. Nun informe de 2010, a Dirección Xeral do Catastro daba cifras do patrimonio estritamente relixioso da Igrexa católica en Galiza: 7.691 inmóbeis e un valor catastral de 426 millóns, cantidade que non repercute nos orzamentos municipais.

É necesario repartir con xustiza os custos e esforzos da crise, tamén no ámbito fiscal. Neste sentido, o BNG ten demandado en numerosas ocasións a necesidade de acometer unha reforma fiscal que acentúe o carácter progresivo do sistema, de xeito que se incremente a equidade e a xustiza do mesmo, ao tempo que permita incrementar os ingresos públicos, gravando con maior progresividade as



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P27019001
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

rendas de capital ou os grandes beneficios empresariais, así como a creación dun imposto sobre as grandes fortunas.

Xusto o contrario do que realizaron os últimos gobernos do Estado, cuxa política fiscal é regresiva, e afecta a quen ten menos recursos. O Goberno do PSOE incrementou o IVE, mentres que unha das primeiras medidas do Goberno de Rajoy foi precisamente incrementar o IBI, nalgúns concellos ate o 10%, e o IRPF (Real Decreto – Lei 20/2011), mentres que na Xunta de Galiza, Feijoo esqueceuse da súa promesa de rebaixar o IRPF.

O BNG vén reclamando dende fai tempo tanto a revisión dos Acordos coa Santa Sede como, nomeadamente, a supresión da exención do pago do IBI por parte da Igrexa. Son numerosas as iniciativas que o BNG vén levando a cabo neste sentido. A instancias do BNG, en marzo deste ano debateuse no Congreso dos Deputados unha proposición non de lei que instaba ao goberno a revisar os acordos coa Santa Sede para adecualos ao carácter aconfesional do Estado Español. Esta iniciativa foi rexeitada cos votos en contra de PP e CiU. Tamén en marzo, o BNG rexistrou no Congreso unha proposición non de lei na que demanda á Igrexa Católica o pago do IBI polos bens inmóbeis que posúe, unha iniciativa que aínda non foi debatida.

É tempo de corrixir esta situación e de rematar con privilexios que resultan discriminatorios para a maioría da poboación que sofre consecuencias graves polas políticas de recortes nos servizos públicos, por parte dos gobernos da Xunta de Galiza e do Estado, mentres debe seguir a pagar os seus impostos.

Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

- 1.- Instar ao Goberno do Estado a revisar e modificar os acordos internacionais asinados coa Santa Sede en 1976 e 1979, para adecuarse ao carácter aconfesional do Estado español, e que supoñan a supresión dos privilexios dos que goza a Igrexa Católica no Estado e nomeadamente permita a suxeición ao IBI do seu patrimonio.*
- 2.- Mentres non se leve a cabo a revisión contemplada no primeiro punto, negociárase coa Igrexa católica unha compensación aos Concellos por estar exenta do pagamento do IBI.*
- 3.- Instar ao Parlamento de Galiza e á Xunta de Galiza a que fagan propios os puntos anteriores, e xa que logo, insten ao Goberno do Estado a suprimir os privilexios dos que goza a Igrexa Católica e mentres non se leve a cabo, soliciten da Igrexa Católica unha compensación aos concellos galegos.*
- 4.- Instar ao Goberno municipal a realizar un censo municipal dos inmóbeis pertencentes á Igrexa Católica e a outras confesións relixiosas.*

Intervén o portavoz do grupo municipal UNIFOZ, Sr. Cancio Rodríguez, e matiza se engada institucións similares.

Unha vez rematado o turno de debate, pola Presidencia sométese a votación o asunto do epígrafe, conforme ao literal que se transcribe, co seguinte resultado:

*Votos a favor: 5 (2, PSOE; 1, BNG; 2, UNIFOZ)
Abstencións: 3 (PP)*



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P27019001
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

1.- Instar ao Goberno do Estado a revisar e modificar os acordos internacionais asinados coa Santa Sede en 1976 e 1979, para adecuarse ao carácter aconfesional do Estado español, e que supoñan a supresión dos privilexios dos que goza a Igrexa Católica no Estado e nomeadamente permita a suxeición ao IBI do seu patrimonio.

2.- Mentres non se leve a cabo a revisión contemplada no primeiro punto, negociarase coa Igrexa católica unha compensación aos Concellos por estar exenta do pagamento do IBI.

3.- Instar ao Parlamento de Galiza e á Xunta de Galiza a que fagan propios os puntos anteriores, e xa que logo, insten ao Goberno do Estado a suprimir os privilexios dos que goza a Igrexa Católica e mentres non se leve a cabo, soliciten da Igrexa Católica unha compensación aos concellos galegos.

4.- Instar ao Goberno municipal a realizar un censo municipal dos inmóbeis pertencentes á Igrexa Católica e a outras confesións relixiosas”.

Aberto o turno de debate teñen lugar as seguintes intervencións que se transcriben en síntese:

O Sr. González Basanta defende o contido da proposta.

O Sr. Val indica que lle parece ben que tribute ao IBI e se faga ese censo e se hai algún inmovible que tribute.

O Sr. Cancio indica que pide que se incorporen outras institucións como ONG, sindicatos, organizacións políticas...

O Sr. Alcalde indica que deste discurso antisistema e neocomunista do BNG lle sorprende que o PSOE esté a favor. Este tema deriva do concordato do 79, afirma, e se pide dende aquí que se revise un concordato asinado hai anos e que a Igrexa é parte da historia e contribúe a manter o patrimonio como o das igrexas. Tampouco entente a UNIFOZ porque se está de acordo con romper este concordato que o diga claramente.

O voceiro do BNG indica que o Alcalde está perdidísimo e indica que a ideoloxía do BNG é claramente distinta a do PP, e que este último sempre pretende gravar menos aos que máis teñen e o BNG ten a súa ideoloxía.

O voceiro do PSOE indica que está totalmente de acordo coa parte dispositiva da moción do BNG e afirma que estamos nun estado aconfesional e que os privilexios débense acabar

O voceiro de UNIFOZ reitera que votará a favor con ese engadido.

O Sr. Alcalde conclúe que a igrexa de San Martiño xa lle aporta moito a Foz e non debería de pagar o IBI e que o resto de locais e bens inmoables xa se están pagando.

Unha vez rematado o turno de debate a continuación procédese á votación do asunto, co seguinte resultado:

Votos a favor: 7 (3 PSOE; 3 UNIFOZ; 1 BNG)
Votos en contra: 5 (PP)

Resultando aprobado o seguinte acordo:



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P27019001
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

- 1.- Instar ao Goberno do Estado a revisar e modificar os acordos internacionais asinados coa Santa Sede en 1976 e 1979, para adecuarse ao carácter aconfesional do Estado español, e que supoñan a supresión dos privilexios dos que goza a Igrexa Católica no Estado e nomeadamente permita a suxeición ao IBI do seu patrimonio.
- 2.- Mentres non se leve a cabo a revisión contemplada no primeiro punto, negociarase coa Igrexa católica unha compensación aos Concellos por estar exenta do pagamento do IBI.
- 3.- Instar ao Parlamento de Galiza e á Xunta de Galiza a que fagan propios os puntos anteriores, e xa que logo, insten ao Goberno do Estado a suprimir os privilexios dos que goza a Igrexa Católica e mentres non se leve a cabo, soliciten da Igrexa Católica unha compensación aos concellos galegos.
- 4.- Instar ao Goberno municipal a realizar un censo municipal dos inmóbeis pertencentes á Igrexa Católica e a outras confesións relixiosas.

12.-MOCIÓN BNG SOBRE SISTEMA FINANCEIRO GALEGO (BANCA PÚBLICA GALEGA, REFERENDO SOBRE O RESCATE, SOLUCIÓN DAS PREFERENTES, ATENCIÓN AO PÚBLICO E MANTEMENTO DO EMPREGO EN NOVAGALICIA BANCO E COMISIÓNS DE INVESTIGACIÓN).-

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios de Pleno en sesión celebrada o día 21 de xuño de 2012, que no seu literal indica:

“O rescate ao Estado español por valor de 100.000 millóns de euros vai ter un beneficiario -a banca privada, que poderá pagar as súas débedas e sanear os seus balances- e unha vítima ben evidente -as maiorías sociais e os pobos, a comezar por Galiza- que somos os paganos da operación e os que teremos que pagar a factura en forma de novos recortes, máis desemprego e do deterioro da nosa calidade de vida, xa que o rescate contará con condicións que afectarán dramaticamente o benestar social, tal e como aconteceu nos anteriores rescates no ámbito da UE: Grecia, Portugal e Irlanda. Isto é, máis recesión, máis paro e máis desigualdades sociais.

O Goberno español non ten lexitimidade democrática para adoptar a decisión de solicitar o rescate, xa que ninguén o votou para facer iso. É necesaria a democracia e a transparencia. É necesario un debate social moi profundo sobre o rescate e as súas terribes consecuencias para as maiorías. O rescate financeiro previsto é unha decisión trascendental para o noso futuro, polo que debe ser a sociedade a que decida a súa conveniencia. É preciso, polo tanto, a convocatoria dun referendo sobre o rescate.

O rescate é duplamente negativo para Galiza porque non só vai castigar as súas maiorías sociais, senón porque destruírá o sistema financeiro galego. A Unión Europea condiciona o rescate a unha nova rolda de fusións no sistema financeiro, que probabelmente se traducirá na absorción de Novagalicia Banco (NGB) por parte de bancos privados de maior dimensión e sen vinculación con Galiza. O BNG sempre defendeu a necesidade dunha banca pública como instrumento imprescindible para asegurar o crédito que o tecido produtivo e social precisa. Porén, non podemos avalar un proxecto que suporía a definitiva expatriación do aforro galego depositado en NGB. Mais outra volta, o noso aforro serviría para desenvolver outros territorios. Galiza



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P27019001
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

ficaría sen capacidade de decisión ningunha sobre unha entidade que xestiona o 40% do negocio financeiro do noso país.

Galiza ten dereito a preservar un sistema financeiro propio. Así, demandamos que NGB, se converta nun banco público galego, coa transferencia aos poderes públicos galegos da participación que o FROB ostenta na actualidade no capital de NGB. O impulso a unha banca pública galega é unha ferramenta que permitirá avanzar na soberanía financeira de Galiza, en tanto que dota aos galegos e galegas dun instrumento para orientar os nosos aforros e investimentos.

Ademais, en contra da crenza fomentada por determinados creadores de opinión e do propio Presidente da Xunta de Galiza, Núñez Feijoo, a banca pública é un instrumento plenamente vixente, que existe nunha grande variedade de países, como en 32 países europeos ou nos Estados Unidos, e vén desempeñando un papel fundamental en favor do desenvolvemento e da estabilidade económica dos mesmos. Da análise das diferentes experiencias de banca pública, conséntase o seu impacto positivo sobre a economía e os sectores produtivos. Alí onde existe banca pública existe un forte tecido industrial, mentres que son excepcionais os casos onde existe unha forte presenza do sector industrial sen o apoio dunha banca pública.

O rescate pon ademais en risco os postos de traballo de milleiros de persoas nas entidades financeiras, debido ás condicións impostas para o citado rescate aos bancos do Estado español. Nomeadamente, é necesario demandar do presidente da Xunta que actúe e non tolere máis despedimentos en Novagalicia Banco, que tamén suporían unha merma na atención aos clientes da entidade e a desaparición de múltiples sucursais que atenden sobre todo no mundo rural.

A enorme desfeita que provocou o rescate ten culpábeis con nomes e apelidos. É preciso depurar as súas responsabilidades, e xa que logo, que se constitúan as comisións de investigación que o BNG leva pedido quer no Congreso quer no Parlamento Galego. Trátase dunha estafa xigantesca, que se está levando por diante o traballo e o benestar social de millóns de persoas. Esta estafa debe ser investigada, xulgada e penada polos tribunais de xustiza.

Por último, e ligado tamén ás prácticas fraudulentas do sistema financeiro, miles de clientes galegos de entidades bancarias, aconsellados polos directores das oficinas, investiron os seus aforros en instrumentos financeiros complexos e opacos, nomeadamente en preferentes. En contra do que naquel momento se lles indicou, estes aforradores e aforradoras vense agora na imposibilidade de recuperar os cartos investidos en tanto estes instrumentos non sexan vendidos no mercado de activos financeiros, a un prezo que, caso de haber compradores, será inferior ao seu valor nominal.

Tal é o caso de miles de clientes de NGB que no seu momento adquiriron participacións preferentes, sen que por parte da entidade se cumprise coas obrigas establecidas na normativa MIDIF de protección dos consumidores e consumidoras de produtos financeiros, que no caso dos clientes minoristas se concretan na realización de test personalizados de conveniencia e de idoneidade antes da contratación de calquera produto financeiro co fin de asegurar que este responde ás necesidades e ás características do cliente. Así, é preciso demandar das institucións públicas responsábeis unha solución inmediata para as miles de persoas afectadas pola fraude das preferentes, de xeito que lles permita recuperar o 100% do nominal dos títulos subscritos.

Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P27019001
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

ACORDO

- 1. Instar á Xunta de Galiza a promover a creación dunha banca pública galega, nomeadamente a partires da conversión de NGB nun banco público galego mediante a transferencia aos poderes públicos galegos da participación que o FROB detenta no capital de NGB.**
- 2. Solicitar a celebración dun referendo vinculante sobre o rescate da Unión Europea á banca española.**
- 3. Instar á Xunta de Galiza a promover, no seu ámbito de competencias, e a demandar do Goberno do Estado Español, unha solución inmediata para as miles de persoas afectadas pola fraude das preferentes que lles permita recuperar o 100% do nominal dos títulos subscritos.**
- 4. Demandar da Xunta de Galiza que garanta os postos de traballo en Novagalicia Banco, así como a que asegure unha adecuada atención aos clientes da entidade.**
- 5. Demandar a creación de comisións de investigación no Parlamento de Galiza e no Congreso dos Deputados para que se esclarezan responsabilidades na fraudulenta xestión que propiciou a actual situación das caixas e da banca.**
- 6. Comunicar o presente acordo ao Presidente da Xunta de Galiza, Presidente do Goberno do Estado e grupos parlamentares do Parlamento de Galiza.**

Unha vez rematado o turno de debate, pola Presidencia sométese a votación o asunto do epígrafe, conforme ao literal que se transcribe, co seguinte resultado:

Votos a favor: 3 (1, BNG; 2, UNIFOZ)
Abstencións: 5 (3, PP; 2, PSOE)

- 1. Instar á Xunta de Galiza a promover a creación dunha banca pública galega, nomeadamente a partires da conversión de NGB nun banco público galego mediante a transferencia aos poderes públicos galegos da participación que o FROB detenta no capital de NGB.**
- 2. Solicitar a celebración dun referendo vinculante sobre o rescate da Unión Europea á banca española.**
- 3. Instar á Xunta de Galiza a promover, no seu ámbito de competencias, e a demandar do Goberno do Estado Español, unha solución inmediata para as miles de persoas afectadas pola fraude das preferentes que lles permita recuperar o 100% do nominal dos títulos subscritos.**
- 4. Demandar da Xunta de Galiza que garanta os postos de traballo en Novagalicia Banco, así como a que asegure unha adecuada atención aos clientes da entidade.**
- 5. Demandar a creación de comisións de investigación no Parlamento de Galiza e no Congreso dos Deputados para que se esclarezan responsabilidades na fraudulenta xestión que propiciou a actual situación das caixas e da banca.**
- 6. Comunicar o presente acordo ao Presidente da Xunta de Galiza, Presidente do Goberno do Estado e grupos parlamentares do Parlamento de Galiza”.**



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P2701900I
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

Aberto o turno de debate teñen lugar as seguintes intervencións que se transcriben en síntese:

O Sr. González Basanta defende o contido da proposta.

O Sr. Alcalde indica que o BNG fala de banca pública cando se veu o resultado das caixas de aforros. A este respecto retoma o indicado anteriormente nesta sesión sobre a calificación do voceiro do BNG ao PP de artistas da propaganda e amosa a este respecto un artigo da voz de Galicia, xornal, publicado pola Vicepresidencia Primeira da Deputación de Lugo. Neste momento intervén o Sr. Val sen autorización do Alcalde o que motiva unha primeira chamada ao orde do concelleiro por interrompir na intervención do Alcalde. Prosigue o Sr. Alcalde a este respecto indicando que este tema é constitutivo de delito segundo a lei de publicidade institucional, lei 29/20005 de 29 de decembro no artigo 4.1 e 2, e este asunto está denunciado polo PP ante a Fiscalía. Afirmo que esta campaña se pagou dende Foz. Neste momento o Sr. Alcalde fai a segunda chamada ao orde do voceiro do PSOE por interrompir na intervención en turno. O Sr. Alcalde indica que este tema é vergonzoso e pide que o BNG enmende esta moción e se solicite a dimisión de Antón Veiga, vicepresidente da Deputación de Lugo.

O Sr. González Basanta que o Alcalde parece un Fiscal, e que está facendo xuízos sobre un tema que xa está denunciado pero non está aínda xulgado. A enmenda proposta non se admite e lle di que presente unha moción de urxencia con ese contido. Retomando o fondo da moción o voceiro do BNG indica que o BNG fala de bancos ao servizo da comunidade.

O Sr. Val indica que se está utilizando o Pleno para facer política en contra da Deputación, e sobre que este tema é delito verase cando se xulgue.

O Sr. Cancio afirma que votará en contra anque é irrealizable o que se pretende. Se se pedira a dimisión solicitada, indica que seríamos o admereir.

O Sr. Alcalde indica que este artigo de publicidade no periódico ten que ver co punto da orde do día, e é importante porque se usou o selo da Deputación e aos seus socios de goberno lles da igual e reitera a petición de dimisión do Vicepresidente provincial e dos seus asesores.

Unha vez rematado o turno de debate a continuación procédese á votación do asunto, conforme ao literal que se transcribe, co seguinte resultado:

Votos a favor: 7 (3 PSOE; 3 UNIFOZ; 1 BNG)
Votos en contra: 5 (PP)

Resultando aprobado o seguinte acordo:

1. Instar á Xunta de Galiza a promover a creación dunha banca pública galega, nomeadamente a partires da conversión de NGB nun banco público galego mediante a transferencia aos poderes públicos galegos da participación que o FROB detenta no capital de NGB.

2. Solicitar a celebración dun referendo vinculante sobre o rescate da Unión Europea á banca española.



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P27019001
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

3. Instar á Xunta de Galiza a promover, no seu ámbito de competencias, e a demandar do Goberno do Estado Español, unha solución inmediata para as miles de persoas afectadas pola fraude das preferentes que lles permita recuperar o 100% do nominal dos títulos subscritos.
4. Demandar da Xunta de Galiza que garanta os postos de traballo en Novagalicia Banco, así como a que asegure unha adecuada atención aos clientes da entidade.
5. Demandar a creación de comisións de investigación no Parlamento de Galiza e no Congreso dos Deputados para que se esclarezan responsabilidades na fraudulenta xestión que propiciou a actual situación das caixas e da banca.
6. Comunicar o presente acordo ao Presidente da Xunta de Galiza, Presidente do Goberno do Estado e grupos parlamentares do Parlamento de Galiza.

O Alcalde pregunta se algún grupo quere presentar algúnha moción de urxencia.

-BNG PRESENTA UNHA MOCIÓN DE URXENCIA DO SEGUINTE TEOR LITERAL:

“O Goberno do PP na Xunta de Galiza continúa na liña de recortarlle aos concellos todo tipo de medidas destinadas ao fomento do emprego ou a programas de promoción, cooperación e formación das persoas.

Así, o pasado venres, 15 de xuño, fixo pública no DOG a drástica redución de axudas e subvencións aos concellos para o fomento do emprego a través de programas de cooperación que permitían a contratación de persoal para reforzar os servizos municipais. Pero tamén a redución de programas de accións formativas destinadas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas e de promoción da integración laboral de persoas con discapacidade.

Estas reducións acadan máis de 61 millóns de euros que representan preto do 50% dos importes recollidos nos Orzamentos da Xunta de Galiza para este ano 2012. E desta cantidade cabe destacar a redución de 33 millóns de euros (case o 75%) das axudas aos concellos destinadas a contratación de persoas no paro para distintos servizos municipais (servizo de axuda no fogar, brigadas municipais, etc.), deixando pouco máis de 12 millóns de euros e confirmando así a escalada de recortes do goberno do PP na Xunta de Galiza desde fai tres anos, provocando cada día máis persoas desempregadas, convertendo en falacias as promesas electorais Feijóo de acabar co paro en 45 días.

Galiza sofre a política do PP, condenada a non poder recuperar a senda da creación do emprego e inverter a actual tendencia da súa destrución; condenada a non poder xerar desde os concellos as condicións para o desenvolvemento das oportunidades laborais e a prestación de servizos a veciños e veciñas. Chegando a acadar as máis altas cotas de desemprego, situando a Galiza nunha taxa de máis do 20 %, onde máis emprego se destrúe no Estado e castigando a máis de 275.000 galegos e galegas a continuar nunha situación de anguria e desesperanza.

A Xunta de Galiza gobernada polo PP pregouse definitivamente ás políticas de recortes do Goberno do Estado e aos ditados dos mercados financeiros: pagar primeiro os intereses da débeda a costa dos recortes nas políticas sociais e no emprego, impedindo axudas a persoas paradas para atopar traballo.



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P2701900I
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

E unha vez máis o PP castiga a aquelas persoas que máis sofren a crise, precarizando as condicións de traballo mediante a reforma laboral, reducindo dereitos e aumentando o desamparo das persoas desempregadas e aquelas menos preparadas para atopar un emprego.

E por isto que o grupo municipal do BNG presenta esta moción e solicita o voto favorábel do Pleno da Corporación municipal para a adopción do seguinte

ACORDO

- ***Rexeitar a drástica redución das axudas ás políticas activas de emprego que permiten aos concellos a contratación de persoas desempregadas.***
- ***Instar á Xunta de Galiza a:***
 - ***Garantir o financiamento necesario para o mantemento das políticas activas de emprego e o emprego social, escolas taller, obradoiros de emprego, tal como se viña facendo no noso concello.***
 - ***Manter as partidas dedicadas a formación e emprego na súa contía inicial.***
 - ***A que demande do Goberno do Estado o mantemento dos recursos económicos necesarios para garantir o nivel de prestacións das políticas activas de emprego que se viñan realizando en Galiza”.***

A continuación procédese á ratificación da urxencia da inclusión do punto fora da orde do día, logo de que o Sr. González Basanta xustifique a mesma en base ao recorte nas políticas de fomento do emprego, tendo lugar a seguinte votación:

- Votos a favor: 7 (3 PSOE; 3 UNIFOZ; 1 BNG)
- Votos en contra: 5 (PP)

Aberto o turno de debate teñen lugar as seguintes intervencións que se transcriben en síntese:

O Sr. González Basanta defende o contido da proposta.

O Sr. Alcalde indica que o importante é que se xenere emprego estable, as axudas como os plans de cooperación veñen moi recortados e isto é un exemplo de sensatez e non é prato de bo gusto para nadie facer recortes. O PP de Foz non vai ser desleal pedindo cousas para Foz cando se entende a situación, e hai que asumir o que hai.

O voceiro do BNG indica que unha cousa é racionalizar gasto e outra recortes na calidade dos servizos das praias por exemplo e indica que se poden sacar cartos facendo unha reforma fiscal. Sobre a débeda indica que a maior cantidade é dos particulares.

O voceiro do PSOE indica que se reduce a partida a asistencia a concellos en millóns de euros a pesar de que os fondos son finalistas. Afirmo que lle doe o conformismo do Alcalde e que non se lle di ao Presidente da Xunta que non se está de acordo co recorte de persoal. Amosa un Alcalde resignado.



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P2701900I
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

O Sr. Cancio indica que nunca se escoltará algo en contra do PP da Xunta por este Alcalde de Foz, e indica que Feijoo debería de dar a cara decindo que se recortan os traballadores que se dan a Foz, pero afirma que ao mellor non quere tanto persoal porque non quere ou non pode mercarlles roupa ou material.

O Sr. Alcalde indica que llo puido decir o outro día no acto no que estivo ao lado do Presidente da Xunta sonreíndolle. Indica que este Alcalde defende institucionalmente o seu pobo ante outras institucións como a Deputación.

O Sr. Val solicita turno por alusións indicando que a Deputación ten que manter as súas prioridades e se hai algunha mellora para Foz que non é unha prioridade para a Deputación pois este concelleiro o asume.

Unha vez rematado o turno de debate a continuación procédese á votación do asunto obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 7 (3, PSOE; 3, UNIFOZ; 1, BNG)
- Votos en contra: 5 (PP)

Resultando aprobado o seguinte acordo:

- **Rexeitar a drástica redución das axudas ás políticas activas de emprego que permiten aos concellos a contratación de persoas desempregadas.**
- **Instar á Xunta de Galiza a:**
 - **Garantir o financiamento necesario para o mantemento das políticas activas de emprego e o emprego social, escolas taller, obradoiros de emprego, tal como se viña facendo no noso concello.**
 - **Manter as partidas dedicadas a formación e emprego na súa contía inicial.**
 - **A que demande do Goberno do Estado o mantemento dos recursos económicos necesarios para garantir o nivel de prestacións das políticas activas de emprego que se viñan realizando en Galiza.**

ROGOS E PREGUNTAS.-

ROGOS PSOE

- Arranxar a estrada no pavillón de Marzán porque os usuarios din que os coches tocan abaixo.
- Arranxar un bache á altura de Villa modesta
- Que se poñan na páxina web do concello as actas das Xuntas de Goberno e das Comisións Informativas.

ROGOS UNIFOZ

-“Segundo a nosa información recollidas polos medios de comunicación así como pola observación da sinal colocada na zona verde colindante coa praia da Rapadoira, parece que queren impedir que os veciños en xeral podan utilizar este espazo.



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P2701900I
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

Dende UNIFOZ, consideramos a medida desacertada e entendemos que é prexudicial para o pobo de Foz.

UNIFOZ, considera que é compatible a súa utilización cunha imaxe correcta do entorno, como pode ser a colocación de mesas de madeira.

UNIFOZ, considera que a medida prexudica os intereses do sector da hostalaría do noso pobo, así como a afluencia de veciños que nos visitan de outros lugares.

UNIFOZ, considera inxusto tal medida tendo en conta de que nos esquecemos totalmente o que pasa pola noite.

Por todo o exposto, presentamos este ROGO, para que revoque esa decisión e se ordene a zona para que a mesma poda ser utilizada de forma ordenada polos veciños que o desexen”.

-Solicita reunión da Xunta local de seguridade porque hai moitos roubos que son preocupantes.

- En relación coa política de persoal e de selección e sobre os últimos procesos selectivos plantexa reclamacións e rogos a Alcaldía como non empregar entrevista persoal, ampliar os prazos de presentación de instancias, cuestións en relación coa selección dun normalizador lingüístico, non se inclúen prazas para discapacitados....

ROGOS BNG

-Beirarrúas da rúa do Cemiterio que se poña algo pola perigosidade.

-Que se leve o mantemento da Aula da Natureza

-Plan de eliminación de vertedoiros incontrolados que se elabore.

PREGUNTAS DO PSOE

-Sobre o proxecto da residencia pregunta se se sabe a quen está adxudicado.

O Alcalde responde en síntese que se saberá a semana que ven.

-Sobre a implantación na praia de Peizás dunha escola de surf.

O Alcalde responde en síntese que se está estudando a forma xurídica de autorizalo.

-A fonte de Mañente se está limpa.

O Alcalde responde en síntese que se fixo xa pero que volveu crecer.

PREGUNTAS DE UNIFOZ.

-Se considera obxectivo que se valore o curso de galego en cinco puntos, e se os minusválidos están exentos de pagar taxa por qué non se lles informa e se algun pide unha copia do exame se se lle da.

O Alcalde responde en síntese que sí que é obxectivo e as persoas que falan coa TDL se lles resolveron os seus problemas.

- Se van reorganizar os servizos como o do CENIMA ou a oficina de turismo



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P2701900I
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

O Alcalde responde en síntese que o persoal é o que hai e que agora toca gobernar cunha situación de poucos cartos e se asume non como cando gobernaba o Sr. Cancio.

-Sobre o custo da rotonda de Vilaxoane

O Alcalde responde que se dirá posteriormente.

PREGUNTAS DO BNG

-Cántos socorristas hai?

O Alcalde responde en síntese que hai 11 socorristas e 4 auxiliares de clínica e o concello porá 5 máis e ata hoxe só a praia da rapadoira foi a única praia que tivo servizo grazas ao servizo de protección civil aos que agradece o seu servizo.

- Cáles son as obrigas pendentes con outras administracións, Xunta, ... por reintegros.

O Alcalde responde en síntese que hai algunha pendente coa Deputación, coa Xunta e con Portos algunha multa de anos anteriores pero de pouca contía.

-Cándo se poñen os bancos de madeira que están en mal estado no paseo.

O Alcalde responde en síntese que cando haxa cartos para arranxalos.

E non habendo máis asuntos a tratar, levántase a sesión cando son as 23.15 horas do día vinteito de xuño de 2012, do que como Secretaria dou fe e certifico.-

Vº e Pr.

O Alcalde-Presidente,

Asdo.-Javier Jorge Castiñeira.



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P2701900I
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P2701900I
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00